



Resolución do 3 de novembro de 2025 pola que se fai pública a adxudicación de prazas obxecto do proceso de provisión por mobilidade nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía, convocado mediante Orde do 26 de xuño de 2025 (DOG Núm. 125, do 2 de xullo).

Con data 2 de xullo de 2025 o Diario Oficial de Galicia fixo pública a Orde do 26 de xuño de 2025 pola que se aproban as bases xerais e se convocou o proceso de provisión por mobilidade nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía (PR461D)

O tribunal que avaliou este proceso, nomeado por Resolución do 9 de setembro de 2025 (DOG Núm. 178 do 16 de setembro de 2025), acordou con data 31 de outubro de 2025 facer pública a baremación definitiva deste proceso e remitiu a este centro directivo, con data 3 de novembro de 2025, a proposta de adxudicación das prazas ofertadas nos correspondentes concellos, así como a listaxe de reserva.

De acordo co establecido nas bases reguladoras deste proceso, **RESOLVO:**

Primeiro: Publicar no anexo desta resolución a proposta de adxudicación de prazas convocadas no referido proceso de provisión por mobilidade, así como a listaxe de reserva, tal e como estipula a base 10.1 das bases que rexen este proceso.

Segundo: Notificar de forma individual a todas as persoas que acadaron prazas neste proceso, recordándolle que de conformidade co artigo 43.6 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, e co artigo 41 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, de desenvolvemento da lei anterior, **os destinos adxudicados son irrenunciabes**, excepto que con anterioridade á finalización do prazo posesorio se obteña outro destino mediante convocatoria pública.





Terceiro.: Notificar a todos os concellos afectados para que eleven a definitiva a proposta de adxudicación de prazas e/ou efectúen os cesamentos correspondentes, de acordo co establecido na base 10.3 da orde da convocatoria:

“As persoas funcionarias seleccionadas para unha praza no proceso de mobilidade cesarán no prazo dos cinco días seguintes á publicación da resolución do concurso, e tomarán posesión no prazo dos dez días seguintes ao cesamento. O tempo transcorrido entre a data do cesamento e a da toma de posesión computarase como de servizo activo no concello de destino. En todo caso, os prazos para a data do cesamento e da toma de posesión comezarán a contar unha vez que rematen os permisos ou licenzas que tivese concedidos a persoa interesada. Nos supostos de incapacidade temporal, o cómputo do prazo para a toma de posesión iniciárase a partir da correspondente alta. Non obstante, no caso de licenzas ou permisos vinculados ao embarazo, parto e postparto, nacemento de fillo, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, as persoas funcionarias poderán cesar no posto que ocupan con carácter definitivo e tomar posesión no posto adxudicado no concurso, e continuarán o desfrute do permiso ata a súa finalización.”

Cuarto.: Este organismo comunicou aos concellos de Burela, Caldas de Reis, O Grove, Melide e Noia, que as prazas ofertadas polo sistema de mobilidade dos seus concellos quedaron desertas, outorgándolles un prazo de 10 días hábiles, para solicitar que as ditas prazas sexan cubertas na quenda de oposición libre.

A Estrada, na data da sinatura dixital

O director xeral

Santiago Villanueva Álvarez

